

Hai ALTERNATIVA!

en Carral

PROGRAMA ELECTORAL



**Alternativa
dos Veciños**



■ **Que é Alternativa dos Veciños?**

Alternativa dos Veciños é un xeito diferente de facer política. Somos un movemento progresista e plural que respecta ante todo a identidade ideolóxica das persoas. Un movemento asembleario nacido en Oleiros en 1979, formado por homes e mulleres que loitan por unha sociedade xusta e solidaria na que todo o mundo poida vivir dignamente.

A política de Alternativa dos Veciños fomenta unha administración pública máis transparente, máis áxil e comprometida coa veciñanza. Unha política desde abaixo, con vocación de servizo e feita por xente honesta.



■ O porqué da candidatura

A nosa Comarca e o concello de Carral están a vivir un momento crucial para o seu desenvolvemento. Unha oportunidade única que precisa dunha serie de cambios políticos e institucionais necesarios para tender pontes, asegurar a gobernabilidade e demandar de xeito conxunto servizos e infraestruturas que actualmente se atopan nunha situación precaria polo desgoverno e a desidia dos principais partidos políticos.

Propoñemos o artellamento deste territorio consolidado en forma de Área Metropolitana para ofrecer solucións prácticas ao desenvolvemento sostible, o emprego, o urbanismo, o transporte público... de xeito que xuntos lidaremos o pulo económico de Galicia.

Desde Alternativa dos Veciños queremos un cambio no rumbo das políticas que levan paralizano as administracións desde hai moito tempo. Precisamos dunha xestión seria e comprometida co local para xerar un futuro de oportunidades.

A nosa forma de xestionar o público está avalada por 40 anos de políticas eficaces na consecución do benestar en Oleiros. Non somos un experimento de laboratorio nin un partido de novo cuño só preocupado pola imaxe. Somos persoas comprometidas, dispostas a loitar por mellorar a calidade de vida, os servizos públicos e o benestar dos nosos veciños e veciñas. Chegamos dispostos a levantar as alfombras, varrer o po e encher de aire fresco a vida política de Carral. Desde Alternativa dos Veciños imos traballar arreo para que Carral progrese.



■ Os nosos compromisos con Carral

1. Desenvolvemento Urbano Sostible

O Plan Xeral de Ordenación Urbanística é o motor do desenvolvemento dun Concello. Un documento que fomenta a calidade de vida e permite un crecemento urbano sostible no que o medio ambiente prevaleza sobre o cemento.

Defendemos un marco legal que permita a cada persoa saber a cualificación da súa propiedade e onde pode e onde non pode construír, eliminando a incerteza e establecendo unha legalidade que sirva como referencia.

Inexplicablemente, mesmo con maiorías, a corporación local non foi quen de sacar adiante un PXOM que lle outorgue a Carral o nivel de vida que merece. O crecemento urbano dun municipio non pode estar baseado en actuacións puntuais que o único que fan é favorecer proxectos especulativos que non pensan na veciñanza. En Oleiros, **Alternativa dos Veciños** conta coa experiencia de lograr tres plans xerais de ordenación do territorio.



O caos urbanístico actual no noso municipio permite actuacións especulativas e mesmo edificios que quedan a medio facer, afeando as nosas rúas e impedindo o asentamento de novas familias no noso concello. Cómpre resolver tamén, con urxencia, o programa de parcelación en San Vicente, que leva máis de 20 anos paralizado e que restrinxe a realización de calquera aproveitamento urbanístico en toda esa zona. Por iso, a aprobación do Plan Xeral é unha das nosas principais prioridades para garantir a seguridade xurídica e un crecemento sostible.



2. Traballo Digno e Redución do Paro

O paro é unha das maiores lacras que azouta este país desde o inicio da crise financeira de 2008. Sabemos que as políticas estruturais dos gobernos europeos, estatais e autonómicos son as que definen os índices de desemprego, pero deben ser os concellos os que desenvolvan programas de colaboración para que as veciñas e veciños se integren con maior facilidade nunha actividade laboral a través de centros de formación, espazos para o fomento do emprendemento, obradoiros de inserción laboral, potenciación do comercio local e a hostalería, o fomento do consumo de proximidade e a posta en valor e defensa das traballadoras e traballadores.

O envellecemento da poboación fai do emprego xuvenil unha das grandes prioridades políticas. A crise elevou de xeito catastrófico os índices de paro nos máis novos. Temos a xeración máis e mellor preparada da historia, cun capital humano envexable. É unha irresponsabilidade permitir que ese capital se vexa forzado a emigrar. É unha obriga dos responsables políticos propiciar un contexto que asegure unhas condicións de vida e traballo dignas para a xuventude.

Desde os concellos temos a capacidade de mellorar en parte eses índices de emprego na poboación e, desde o local, contribuír ao crecemento global.




Nunha sociedade denominada de benestar, todo o mundo ten dereito a un traballo cunhas condicións dignas e desde Alternativa dos Veciños loitaremos para intentar convertelo nunha realidade. Un mellor aproveitamento do noso polígono empresarial, que se atopa estratéxicamente situado, facilitaría o asentamento de novas empresas en Carral.

3. Benestar na Terceira Idade

As políticas de Alternativa dos Veciños dirixidas ás persoas maiores teñen como fin último a súa calidade de vida e o seu benestar, de forma inclusiva e participativa, transformándoos en protagonistas das súas decisións e outorgándolles a posibilidade de ter un envellecemento activo e dinámico na súa propia contorna.

Para isto é necesaria unha ampla oferta de actividades baseadas nas relacións persoais, na continua aprendizaxe, na actividade física e no coñecemento do seu medio. Estas actividades son a base para acadar ese obxectivo de vida activa nunha etapa na que a idade non ten por que ser un obstáculo.



Por outra banda, tamén existen situacións concretas e individualizadas que motivan a necesidade dunha serie de servizos de atención persoal, flexible, de proximidade, en definitiva unha atención que cubra todos os ámbitos para que os nosos maiores poidan vivir con dignidade. Esta atención é extensible tamén ás familias, suxeitos activos e cun importante papel, xa que en moitos casos son os máis achegados os responsables do coidado destas persoas dependentes. As familias precisan dun apoio emocional e persoal enfocado ao seu propio benestar con actividades específicas. Para asegurar o correcto desenvolvemento e atención destes axentes é preciso seguir levando a cabo e ampliar políticas tales como o Servizo de Axuda no Fogar, Comida Sobre Rodas ou Teleasistencia. Desde Alternativa dos Veciños tamén demandaremos á Xunta de Galicia a creación dun Centro de Día, cun servizo de transporte de recollida das persoas maiores polas distintas parroquias.



Este conxunto de servizos e programas desde o local, flexibles e adaptados a todas as necesidades deben estar orientados á consecución da mellor calidade de vida posible. As políticas de benestar social son o compromiso de Alternativa dos Veciños cos nosos maiores e coas súas familias.

4. Defensa da Sanidade e Educación Públicas

A imposición das políticas neoliberais, en moitos eidos da vida política, está a favorecer procesos de privatización nos servizos públicos, comezando desde os sectores estratéxicos da economía e rematando por servizos básicos e imprescindibles dentro dun Estado de Benestar como son a Educación e a Sanidade.

Aínda sendo estas dúas competencias autonómicas, desde Alternativa dos Veciños pensamos que os concellos teñen que levar a cabo unha defensa forte do sistema público de Sanidade e Educación a todos os niveis. Entendemos que desde a xestión do benestar da nosa cidadanía, os concellos poden tamén incidir na mellora do estado de saúde global. Propoñemos, neste sentido, promover o exercicio físico a través de diferentes programas, mellorar os equipamentos deportivos municipais, impulsar campañas de concienciación para favorecer os hábitos de vida saudables... O Concello debe colaborar cos centros de ensino público, coas ANPAS e coas entidades sociais, culturais e deportivas para incrementar a oferta de actividade física e de ocio que existe na actualidade, evitando así a necesidade de desprazarse a outros municipios.



A Educación non formal é outro dos ámbitos no que os concellos poden e deben incidir para mellorar a vida cultural da súa veciñanza. A promoción de obradoiros e actividades municipais, a creación e o fomento de exposicións artísticas, charlas e coloquios, as presentacións de libros e documentais, a dinamización dos museos e do patrimonio cultural propio xunto coa defensa do profesorado, da calidade do ensino público e da educación en igualdade son a pedra angular de Alternativa dos Veciños.

5. Información ao Servizo da Veciñanza

Nun mundo cada vez máis deshumanizado, antisocial e preso da inmediatez e das novas rutinas de consumo, a poboación ten, paradoxalmente, máis posibilidades de sufrir desinformación.

Os medios de comunicación de masas queren exercer sobre nós a súa influencia tentando manipularnos, respondendo así a unha lóxica mercantilista na que prima a exclusiva e o morbo sobre o dereito a unha información veraz. Por estas razóns, os concellos teñen a obriga de garantir na medida das súas posibilidades e competencias a creación de espazos que sirvan á cidadanía para acceder a unha información de proximidade.



A creación dun voceiro municipal, a instalación de paneis electrónicos, a dinamización dos medios de comunicación municipais como as redes sociais ou a páxina web e a creación dun servizo de queixas ou suxestións, tanto físico como electrónico, son medidas moi útiles que poñen en contacto á veciñanza cos seus responsables políticos máis próximos e facilitan canles de información entre veciños e veciñas. Alternativa ten como obxectivo tamén contar cunha emisora radio municipal en Carral que teña unha utilidade pública. Desde Alternativa dos Veciños tamén defendemos que os plenos municipais se celebren a partir das 20:00 horas, para permitir a asistencia dos cidadáns ás sesións.

6. Vida Cultural e Deportiva

Outro dos problemas fundamentais na nosa sociedade é que a cultura está sendo relegada a un papel residual dentro das políticas públicas. A veciñanza ten dereito a gozar de ferramentas que fagan a súa vida cultural máis rica: bibliotecas públicas, centros sociais e de lecer, obradoiros de lectura e escritura, festivais de música, poesía e danza ou artesanía. O fomento destas e doutras actividades fan que conectemos de novo coa nosa orixe cultural e co inmenso patrimonio que, por sorte, temos na nosa zona.

O deporte é outro dos nexos de unión máis importante e enriquecedor entre veciños. Non pode ser que este concello careza a estas alturas duns equipamentos e dunha oferta deportiva municipal de calidade.





Desde Alternativa dos Veciños cremos tamén nas entidades deportivas como axentes sociais fundamentais na vida dun concello. Así, propoñemos a mellora dos equipamentos e infraestruturas do municipio, a dinamización da actividade física e a creación de competicións, cursos e actividades de ámbito municipal. Todo isto encamiñado a facer do deporte un pilar básico na vida do concello, ampliando a oferta para mellorar o benestar da veciñanza.



7. O noso Medio Ambiente

Pensa no teu Concello. Pensa no lugar que ocupa no mapa. Non estamos nun punto privilexiado? Non é Carral un lugar cunhas oportunidades inmejorables? Por desgraza a mala xestión e a falta de preocupación pola contorna provocaron que en Carral abunde o feísmo e o cemento e os parques públicos brillen pola súa ausencia.

Un dos órganos vitais do proxecto político de Alternativa dos Veciños é a defensa do patrimonio natural e do medio ambiente. Son os nosos pulmóns. Os parques, as zonas verdes, os ríos, os montes... A defensa dese patrimonio non é unha simple cuestión programática: está no noso ADN.




A loita contra o cambio climático a través de programas de minoración de residuos e da racionalización do consumo de recursos naturais, a prevención da contaminación e o control do impacto ambiental, a defensa das especies autóctonas, a loita contra os incendios e contra as especies invasoras que están a rematar coa nosa flora e fauna, o fomento da reciclaxe e a reutilización de recursos... son liñas de actuación prioritarias para Alternativa dos Veciños en materia medioambiental e forman parte do eixo de cada unha das nosas medidas.

8. Área Metropolitana e Servizos Mancomunados

Alternativa dos Veciños é un movemento que cre na xestión pública pero non nas duplicidades.

Moitos políticos están desexando crear novos entes e organismos para poder seguir vivindo das rendas. Nós defendemos e propoñemos a creación da Área Metropolitana como unha suma de forzas na que todos e todas gañamos. Sen duplicar cargos nin competencias. Un proxecto que sitúe a esta zona de Galicia á vangarda do Estado en moitos ámbitos. Desde Alternativa dos Veciños pensamos na Área como un ente que, fronte á fricción actual por certos intereses partidistas, sexa un instrumento que permita afrontar certas políticas de xeito conxunto e nunha dirección que mellore substancialmente a calidade de vida de todos os habitantes desta comarca.



Grazas a esa suma poderemos demandar a xestión conxunta de servizos a nivel metropolitano tales coma o tratamento de residuos, o saneamento e a xestión da auga, o transporte público, ou uns accesos viarios comarcais dignos.

9. Honestidade, Transparencia e Participación Cidadá

Vivimos nun momento no que a cidadanía, cada día, está máis desencantada coa política. Este fenómeno cobra sentido desde o punto de vista da lacra da corrupción, que afasta ao político da veciñanza.

Ten sentido que unha persoa perda a esperanza na utilidade da política se cada día se destapan grandes escándalos de corrupción no seo dos grandes partidos, e mesmo nos de nova creación.


Así e todo, desde Alternativa dos Veciños defendemos a política como unha ferramenta da cidadanía para acadar o progreso e o benestar, sempre desde a honestidade e a comunicación coa veciñanza. Así o levamos practicando desde hai décadas a través dun sistema de asembleas nas que se conta coas entidades sociais e coa opinión directa da poboación para achegar a política ás veciñas e veciños.



Moitos partidos políticos levan a transparencia como fío condutor nas súas campañas mentres as súas accións demostran o contrario. Para Alternativa dos Veciños a transparencia non é unha promesa electoral, é o noso compromiso con todos e todas vós.

10. Única Alternativa para a Gobernabilidade

A experiencia que outorga a boa xestión é unha garantía de gobernabilidade. Alternativa dos Veciños leva anos demostrando que é posible gobernar en minoría e sacar adiante un municipio.



Existen concellos da Comarca da Coruña que, mesmo con maioría absoluta, son incapaces de sacar adiante orzamentos ou aprobar un Plan Xeral de ordenamento urbano. Iso non se pode permitir. É necesario mudar as cores desas corporacións e tinguias de verde e amarelo. Só así se pode asegurar a gobernabilidade. Súmate a nós. Somos a Alternativa dos Veciños: comprometidos co local e pendentes dos problemas reais da veciñanza.

Desde a experiencia, o diálogo, o traballo e o bo facer.

REFLEXIÓN FINAL



Agora que chegaches até o final queremos agradecer que dedicases o teu tempo a coñecer as nosas liñas de actuación. Gustaríanos facerche unha proposta: cando vaias ás urnas este próximo domingo 26 de maio, pensa con detemento se realmente o teu Goberno municipal está a cumprir co mandato das súas veciñas e veciños. Pensa se mereces vivir nun concello sen Plan Xeral de Urbanismo, cunha oferta cultural e de ocio reducida, cunha falta de información sobre a xestión de goberno. Sentes realmente que este Goberno representa a túa forma de entender o presente e o futuro para Carral?

Se non é así. Se cres que chegou o momento de que se teña en conta a túa opinión, de intentar facer cousas importantes, de ter uns representantes que se preocupen de verdade por Carral, polos problemas reais da veciñanza e polo progreso da comarca con máis potencial de Galicia, elixe este proxecto. Elixo Alternativa dos Veciños como garante de renovación. Por un concello e unha comarca singulares e distintos. **Hai Alternativa! Vota Alternativa dos Veciños.**

Alternativa dos Veciños, distintos



- 1 Francisco Javier Gestal Pose
- 2 Susana Guimarey García
- 3 Francisco Javier Bello Hermida
- 4 Rubén Antonio Caamaño Rodríguez
- 5 María Mercedes Caridad López
- 6 Inmaculada Mantiñán Insua
- 7 Carlos Eirís Patiño
- 8 Iria Gestal Castelo
- 9 Fernando Felipe Brandariz Fachal

- 10 María Carmen Martínez Fragoso
- 11 Natalia Patiño Cañas
- 12 Julio José Dosil Mariñas
- 13 Iria Taibo Casás

Suplentes

- 1 Carla Seoane López
- 2 María Isabel Cañas Regueiro
- 3 José Manuel Botana García

